

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: MEDIDAS DO CONCELLO DE CARRAL COMO CONSECUCENCIA DA EVOLUCIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DO VIRUS COVID-19 (8º DECRETO DA ALCALDÍA-05 DE NOVEMBRO DE 2021).

EXPEDIENTE: 2021/G003/000486


Logo de ditárense os meus decretos do 13 e do 16 de marzo para a adopción de medidas do Concello de Carral en relación coa emerxencia de saúde pública causada polo virus COVID-19.

Logo de ver, asemade, o meu decreto 193/2020, do 11 de maio, polo que resolvín proceder, dende o 13 de maio de 2020, á reapertura dos mercados tradicionais que desenvolven a súa actividade ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública (feira ou mercadillo), nos días en que se viñan realizando no Concello de Carral (4, 13 e derradeiro domingo do mes), nas condicións establecidas en tal decreto, de acordo coa Orde SND/399/2020, de 9 de maio e, no que non se opoña a ela, ás condicións de celebración dos mercados fixadas no artigo 2, apartado 3 da Orde do 23 de marzo de 2020 da Xunta de Galicia.

Logo de ver o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (e as súas sucesivas prórrogas, a última das cales abrangue até as 00:00 horas do día 21 de xuño de 2020) , en especial, o establecido no texto vixente do seu artigo 7 con respecto á limitación da liberdade de circulación das persoas.

O Real decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, preveu, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión do 28 de abril de 2020, determinaríase que quedasen sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma, segundo as decisións das Comunidades Autónomas (artigo 6) consonte criterios sanitarios e epidemiolóxicos, relativas á superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa Comunidade e, polo tanto, a súa entrada na “nova normalidade”. O Consello da Xunta de Galicia apreciou, en acordo do 13 de xuño de 2020, como autoridade sanitaria, que a Comunidade Autónoma de Galicia, estaba en condicións de superar a fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19 e, o Presidente da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 6.2 do Real decreto 555/2020, do 5 de xuño, dispuxo formalmente, mediante o seu decreto 90/2020, do 13 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 115 Bis, desa mesma data, a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, e, polo tanto, a entrada na “nova normalidade”, con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020.

En aplicación de todo o antedito, no Diario Oficial de Galicia nº 115, do 13 de xuño, publicouse a resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Logo de ver o meu decreto 261/2020, do 18 de xuño, polo que resolvín, entre outras cuestións, proceder, dende esa data, á reapertura dos Parques infantís, pistas polideportivas ao aire libre (incluída a de skate e excluídas as de tenis e pádel), e canchas de chave e, dende o 22 de xuño de 2020, do Pavillón polideportivo do Espiño, Campo municipal de fútbol *Borja Rodríguez Ans* e Galería municipal de tiro olímpico (segundo o protocolo establecido no anexo I da resolución) e da Biblioteca Municipal (segundo o protocolo establecido no anexo II da resolución).

Logo de ver, por outra banda, o meu decreto 272/2020, do 25 de xuño, polo que resolvín, entre outras cuestións, proceder, dende o 28 de xuño de 2020, á reapertura dos mercados tradicionais que desenvolven a súa actividade ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública (feira ou mercadillo), nos días en que se viñan realizando no Concello de Carral (4, 13 e derradeiro domingo do mes), cos postos habituais que contasen coa correspondente autorización do Concello, con suxeición ás condicións establecidas na normativa aplicable e nos protocolos e guías de boas prácticas que se indican no anexo á resolución.


Logo de ver, asemade, a resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (publicada no DOG nº 126, do 27 de xuño de 2020), pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade-

Logo de ver o meu decreto 287/2020, do 02 de xullo, polo que resolvín, entre outras cuestións, proceder, dende o 03 de xullo de 2020, á reapertura da piscina municipal (segundo o protocolo establecido no anexo I da resolución), do ximnasio do complexo deportivo municipal (agás o spa, que permanecería pechado ata novo aviso (segundo o protocolo establecido no anexo II da resolución) , da pista de tenis e da pista de pádel (segundo o protocolo establecido no anexo I da resolución) e do local de ensaio musical (segundo o protocolo establecido no anexo III da resolución).

Tendo en conta que con data do 22 de outubro de 2021 se publicou no DOG nº 204-bis a orde da mesma data pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia é polo que se fai necesario que o Concello de Carral adopte no seu territorio as medidas que, dentro do seu ámbito de competencias, contribúan neste sentido a protección da saúde pública.

Por todo isto, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e, en especial, as súas letras d) e m),

RESOLVO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

PRIMEIRO.- Proceder, dende o día **06 de novembro de 2021**, á reapertura das seguintes instalacións municipais do Concello de Carral:

LOCAIS SOCIOCULTURAIS

A utilización dos **locais socioculturais** deberá de rexerse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO I a este decreto (no que se transcribe o punto 3.36 da Orde do 22 de outubro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG 204-bis, do 22 de outubro de 2021) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve.

SEGUNDO.- Modificar os protocolos básicos de actuación ante o Covid-19 correspondentes as seguintes instalacións municipais do Concello de Carral:

PISCINA MUNICIPAL
XIMNASIO E COMPLEXO DEPORTIVO
PISTAS DE TENIS E PÁDEL
GALERÍA DE TIRO OLÍMPICO
PISTAS AO AIRE LIBRE/PISTA SKATEPARK
CANCHAS DE CHAVE
CAMPO DE FUTBOL
PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS


A utilización da **piscina municipal** deberá de rexerse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO II a este decreto (no que se transcribe o punto 3.27 da Orde do 22 de outubro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG 204-bis, do 22 de outubro de 2021) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve.

A utilización do **ximnasio e complexo deportivo** deberá de rexerse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO III a este decreto (no que se transcribe o punto 3.15 da Orde do 22 de outubro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG 204-bis, do 22 de outubro de 2021) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve.

A utilización das **pistas de tenis e pádel** deberá de rexerse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO IV a este decreto (no que se transcribe o punto 3.15 da Orde do 22 de outubro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG 204-bis, do 22 de outubro de 2021) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve.

A utilización da **galería de tiro olímpico** deberá de rexerse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO V a este decreto (no que se transcribe o punto 3.15 da Orde do 22 de outubro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG 204-bis, do 22 de outubro de 2021) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve.

A utilización das **pistas ao aire libre/pista skatepark** deberá de rexerse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO VI a este decreto (no que se transcribe o punto 3.13 da Orde do 22



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

de outubro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG 204-bis, do 22 de outubro de 2021) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve.

A utilización das **canchas de chave** deberá de rexerse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO VII a este decreto (no que se transcribe o punto 3.15 da Orde do 22 de outubro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG 204-bis, do 22 de outubro de 2021) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve.

A utilización do **campo de fútbol** deberá de rexerse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO VIII a este decreto (no que se transcribe o punto 3.15 e 3.21 da Orde do 22 de outubro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG 204-bis, do 22 de outubro de 2021) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve.

A utilización dos **pavillóns polideportivos** deberá de rexerse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO IX a este decreto (no que se transcribe o punto 3.15 e 3.21 da Orde do 22 de outubro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG 204-bis, do 22 de outubro de 2021) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve.

TERCEIRO.- Aprobar protocolos básicos de actuación fronte ao Covid-19 nas seguintes actividades municipais:

ESCOLAS MUNICIPAIS

VIAXES

CAMPAMENTOS DEPORTIVOS


EVENTOS DEPORTIVOS

As escolas deportivas deberán de rexerse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO X a este decreto (no que se transcribe o punto 3.21 da Orde do 22 de outubro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG 204-bis, do 22 de outubro de 2021) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve.

As viaxes deberán de rexerse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO XI a este decreto (no que se transcribe o punto 3.21 da Orde do 22 de outubro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG 204-bis, do 22 de outubro de 2021) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve.

Os campamentos deportivos deberán de rexerse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO XII a este decreto (no que se transcribe o punto 3.30 e 3.26 da Orde do 22 de outubro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG 204-bis, do 22 de outubro de 2021) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve.

Os eventos deportivos deberán de rexerse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO XIII a este decreto (no que se transcribe o punto 3.36 da Orde do 22 de outubro de 2021 da



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Consellería de Sanidade (DOG 204-bis, do 22 de outubro de 2021) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve).

4.- Este decreto entrará en vigor o 06 de novembro de 2021 e manterá a súa vixencia ata novo aviso, en función das directrices que emitan as autoridades sanitarias e demais competentes segundo a evolución da situación. A utilización de cada unha das instalacións municipais abertas ao público haberá de axustarse, ademais, a toda a normativa que vaia ditando a Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado que lles sexa aplicable e que modifique o establecido nos respectivos protocolos aprobados.


5.- Comunicar este decreto aos servizos municipais (que haberán de transmitilo, pola súa banda, aos diferentes prestadores dos servizos afectados), e publicalo na páxina web do Concello de Carral, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e difundilo entre a poboación do municipio.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

A secretaria accidental
Sonia Campos Ares



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ANEXO I

Punto 3.36 da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

“ 3.36. Centros sociocomunitarios, centros cívicos, centros de convivencia, centros sociais e demais de natureza análoga.

Estes centros poderán realizar a súa actividade co 100 % da súa capacidade máxima, prestando especial atención ás medidas de protección nas actividades de tipo grupal que se realizan neles. En todo caso, será obrigatorio o uso da máscara tanto en actividades individuais como grupais, de acordo co establecido no punto 1.3.

Permanecerán abertos, en todo caso, os centros de día de maiores e persoas con discapacidade e os ocupacionais, así como as casas do maior”


Protocolo básico de actuación para a apertura dos locais socioculturais

INDICACIÓNS PARA O USO DE LOCAIS SOCIOCULTURALS MUNICIPALS ADAPTADAS Á NORMATIVA COVID 19 (2 DE NOVEMBRO DE 2021)

Os centros socioculturais municipais poden retomar a súa actividades atendendo á seguinte regulación para evitar o contaxio do covid 19:

1. Reabren ao público os seguintes centros socioculturais:
 - a. Ans
 - b. Cañás
 - c. Sergude
 - d. San Vicente de Vigo
 - e. Quembre
 - f. Barcia
 - g. Herves
 - h. O Canedo
 - i. A Cabra

2. No interior dos devanditos centros poderanse realizar o seguinte tipo de actividades :
 - a. Reunións e asembleas
 - b. Charlas e conferencias
 - c. Concertos musicais
 - d. Proxeccións audiovisuais
 - e. Clases e actividades formativas
 - f. Actividades de lecer



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Todas estas actividades deberanse levar a cabo coas persoas asistentes sentadas, ademais de atender as demais normas que se relacionan no punto 4 desta regulación.

3. En todas as actividades deberanse atender as seguintes normas:
 - a. É obrigatorio o uso permanente da máscara tapabocas.
 - b. As persoas participantes deberán permanecer sentadas durante toda a duración da actividade.
 - c. As persoas responsables das actividades deberán:
 - i. Ter dispoñibles recursos para a limpeza de mans e desinfección do equipamento e mobiliario que se utilice.
 - ii. Rexistrar o nome e teléfono de contacto das persoas participantes e conservalo durante un mes posterior á actividade.
 - d. Establecer medidas que garanten a distancia de seguridade entre persoas fixada polas autoridades sanitarias.
 - e. Manter a ventilación do local durante a actividade.
 - f. Establecer as medidas necesarias para evitar aglomeracións de persoas, tanto no interior coma no exterior do centro sociocultural.
 - g. Non permitir o acceso a persoas con síntomas covid.
 - h. Recoméndase non comer no interior dos locais.
 - i. Non se permite fumar nin o consumo de bebidas alcólicas no interior dos locais.
 - j. Respetar o horario de peche do local e o descanso das persoas residentes nas vivendas próximas.
4. Establécense os seguintes aforos e horarios de peche:

Local	Aforo	Hora de peche
Ans	30	23:00
Cañás	18	23:00
Sergude	30	22:00
San Vicente de Vigo	30	23:00
Quembre	30	23:00
Barcia	30	23:00
Herves	30	23:00
A Cabra	30	23:00
O Canedo	30	23:00

5. Poderanse usar as zonas exteriores dos centros socioculturais atendendo as seguintes recomendacións:
 - a. Uso da máscara tapabocas
 - b. Evitar aglomeracións de persoas
 - c. No caso de actividades físicas (xogos, bailes...), as persoas participantes deberán usar máscara tapabocas.
 - d. Desinfectar despois de cada uso o mobiliario ou elementos que se usen durante a actividade.
6. Os locais socioculturais municipais poderán ser solicitados por persoas maiores de 18 anos ou entidades con sede social no municipio de Carral.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

7. A tramitación das solicitudes dos locais realizarase na Casa da Cultura mediante o modelo normalizado que pode solicitar en casadacultura@carral.es ou chamando ao 981 672 580, que se presentará **nun prazo mínimo de 7 días naturais de antelación**.
8. Correspóndelle á persoa ou entidade solicitante a responsabilidade do cumprimento das normas de uso do local.

ANEXO II

Punto 3.27 da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

"3.27. Uso das praias e piscinas de uso recreativo.

1. O concello respectivo deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios

2. As piscinas ao aire libre ou cubertas de uso recreativo poderán dispor do 100 % da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa.

Habilitaranse sistemas de acceso que eviten a aglomeración de persoas e que cumpran coas medidas de seguridade e protección sanitaria.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios.

4. O uso de máscaras rexerese polo establecido no punto 1.4.

5. O uso de duchas e lavapés ao aire libre limitarase a unha persoa por dispositivo, sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal, agás no caso de menores ou persoas que precisen asistencia, que poderán contar co seu acompañante.

Respecto do uso de vestiarios e aseos en todas as instalacións, poderase utilizar o 100 %."

Adaptación do protocolo básico de actuación na piscina municipal


COMPLEXO DEPORTIVO (PISCINAS DE VERÁN):

PREMISAS XERAIS:

- As instalacións referidas neste apartado son as piscinas municipais de verán.
- A apertura ao público destas instalacións estímase entre o 18 de xuño e o 8 de setembro do 2022.
- Os espazos dispoñibles nesta instalación son un vaso de 25 x 12,5 metros, outro vaso de batuxo infantil de 11,58 m² e unha praia circundante de máis de 600 m².
- O horario de apertura ao público da instalación será de luns a domingo de 12:00 a 21:00 horas.
- Non se establece unha limitación horaria para os usuarios.

AFOROS:

- O aforo da piscina será de 90 persoas, non podendo atoparse dentro do vaso máis de 50 persoas á vez no vaso recreativo e de 3 persoas á vez no vaso de batuxo infantil (*estas cifras poderán ser modificadas segundo a normativa vixente no momento da apertura*).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Na zona de praia estarán marcadas parcelas nas que se situarán os bañistas, non podendo alternar as nin cambialas durante a estancia do usuario na instalación.

INFORMACIÓN AOS USUARIOS:

- Na entrada das instalacións estarán expostas de forma clara e visible, as normas e recomendacións para o acceso, a estancia e a práctica deportiva nas piscinas.
- Periodicamente faranse recordatorios para o cumprimento destas normas a través do sistema de megafonía.
- persoal do centro explicará, aclarará e lembrará estas normas aos usuarios durante a súa estancia nas instalacións.
- Os usuarios disporán dun teléfono ou correo electrónico de consulta das normas e recomendacións no que poderán aclarar calquera dúbida que lles surda. Estes serán o 678 338 847 e o mail complejo.deportivo@carral.es.

FORMACIÓN E INFORMACIÓN AO PERSOAL (MUNICIPAL E DA EMPRESA):


- Antes da apertura da instalación ao público, desde o departamento de Deportes levarase a cabo unha reunión informativa acerca das normas para seguir, as medidas de prevención adoptadas e as dúbidas que poden xurdir, coa empresa prestadora do servizo, os socorristas, o persoal de atención ao público e recepción, o persoal de mantemento, monitores, e calquera outra persoa ou departamento implicado na prestación deste servizo.

PROCEDIMENTO DE ACCESOS Á INSTALACIÓN DOS USUARIOS:

- O control do foro establecerase na recepción da piscina. O acceso á instalación por parte dos usuarios será por orde de chegada, ata completar o aforo. Unha vez chegado a este límite, non se permitirá o acceso a novos usuarios ata que outros abandonen a instalación.
- Cada usuario deberá dirixirse á parcela que se lle asigne na recepción. Os novos usuarios deberán ocupar as parcelas que quedaron vacantes.
- Os usuarios deberán presentarse na recepción do complexo deportivo para o seu rexistro.
- Os usuarios virán previstos de máscaras e farán uso do hidroxel disposto na entrada da instalación antes de acceder a esta.
- Manterase sempre unha distancia de seguridade de 1,5 m entre os propios usuarios que esperen para acceder á instalación e entre os usuarios e os traballadores da mesma.
- Utilizarán a máscara durante todo o tempo de circulación e estancia nos espazos comúns e corredores da instalación.
- Accederán aos vestiarios para poñer a roupa de baño.
- Non poderán acceder co calzado de rúa á praia da piscina, debendo poñerse chancletas antes de acceder á mesma, tal e como recolle a normativa autonómica.
- O pago de acceso á instalación efectuarase preferiblemente mediante tarxeta bancaria ou transferencia. Evitarase na medida do posible a cobranza en metálico.
- Fomentarse tamén a tramitación de abonados de verán como fórmula para evitar o diñeiro en metálico. A cada socio ou abonado entregaráselle unha tarxeta con tecnoloxía NFC coa que poderá acceder aos servizos da instalación.
- A entrega de documentación necesaria para a tramitación deste abonos farase preferiblemente de forma telemática.
- Para entrar ás piscinas os socios deberán pasar a tarxeta por lector habilitado. Os non socios deberán pagar a entrada.
- Os nenos menores de 12 anos non poderán acceder sós á instalación. Deberán facelo acompañados dun adulto responsable do cumprimento da normativa aquí exposta.
- Os usuarios que accedan en grupo serán responsables do cumprimento da normativa vixente en materia sanitaria, lembrando que só os convivintes poden acceder xuntos e aos mesmas parcelas na praia da piscina.

ESTANCIA E USO DA INSTALACIÓN:

- Os usuarios deberán cumprir en todo momento as normativas vixentes tanto en materia de sanidade e prevención do Covid-19 como das piscinas de uso colectivo. O incumprimento das devanditas normas supoñerá a expulsión do ou dos usuarios da instalación pola xornada, podendo, no caso de ser reincidente ou segundo a gravidade do incumprimento, prohibirle o acceso o resto do período estival á instalación, así como a perda da condición de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

socio-aboado.

- Cada usuario deberá permanecer en la parcela da praia que se lle asigna, non podendo saír delas salvo para acudir ao vaso. Todos os útiles persoais dos usuarios (toallas, bolsas de praia, roupa, cadeiras, etc.) deberán estar sempre dentro da súa parcela.
- En todo momento deberá manter a distancia interpersonal de 1,5 metros con outros usuarios non conviventes.
- Dentro da praia os usuarios deberán moverse polos corredores sinalizados, non podendo invadir as parcelas doutros usuarios.
- É obrigatorio o uso da máscara en todo o recinto deportivo, agás durante a estancia nas duchas, nas parcelas sinaladas, no traslado aos vasos e durante o baño.
- O acceso ao vaso da piscina levará a cabo da seguinte forma:
 - ✓ Os menores de 12 anos poderán acceder e saír polas escaleiras de obra.
 - ✓ Os maiores de 12 anos deberán acceder por calquera das outras escaleiras.
- Dentro do vaso, os usuarios deberán respectar a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros.
- Non se poderá levar a cabo xogos, acrobacias ou calquera outra actividade que impida o respecto desta distancia interpersonal.
- Cada usuario deberá traer o seu propio material de natación (manguitos, burbullas, pull-boys, táboas)
- Non se prestarán nin alugarán as tumbonas ou material similar.
- Non estará permitido o uso de pelotas ou outros elementos de xogos, nin na praia nin na piscina, que sexan de uso compartido ou que poidan molestar a outros usuarios da instalación.
- Os socorristas ou calquera outro traballador da instalación poderá requirirles ao usuarios o cumprimento destas normas cando as estivesen obviando.
- Os usuarios deberán utilizar as duchas exteriores da piscina antes de acceder ao vaso.

PROCEDIMENTO DE SAÍDA DA INSTALACIÓN:

- Antes de saír os usuarios deberán recoller todas as súas pertenzas da parcela asignada.
- Recollerán calquera tipo de lixo que puideran xerar e depositarano as papeleiras habilitadas.
- Sairán da instalación polos corredores indicados, sempre facendo uso da máscara.
- Ao marchar, deberán avisar ao socorrista e ao persoal da recepción.
- Sairán pola recepción da instalación, pasando a tarxeta polo lector NFC no caso dos socios, si ou avisando ao persoal a recepción aqueles que non o sexan. Desta forma poderá darse acceso a novos usuarios.

CONTROL DOS PARÁMETRO DA AUGA:

- O control dos parámetros e a calidade da auga levará a cabo de acordo coa normativa autonómica e estatal vixentes.

LIMPEZA E DESINFECCIÓN:

- Os elementos comúns da instalación (vestiarios, varandas, pomos das portas, pasamáns, etc.) serán limpados e desinfectados todos os días antes e durante a súa apertura ao público.
- As parcelas desinfectaranse despois de cada uso.

ANEXO III

Punto 3.15 da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

"3.15. Actividade deportiva.

1. A realización da actividade física e deportiva non federada axustarase ás seguintes regras:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

a) A práctica da actividade física e deportiva non federada poderase realizar ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4.

b) A práctica da actividade física e deportiva non federada poderá realizarse de forma individual ou colectiva, en instalacións e en centros deportivos pechados, coa utilización da máscara.

Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao remate de cada clase ou actividade de grupo.

No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.

2. O uso de duchas e lavapés ao aire libre limitarase a unha persoa por dispositivo, sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal, agás no caso de menores ou persoas que precisen asistencia, que poderán contar co seu acompañante.

Respecto do uso de vestiarios e aseos en todas as instalacións, poderase utilizar o 100 %.

3. A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados.

4. No ámbito das competicións deportivas oficiais de ámbito estatal que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia, serán de aplicación as seguintes medidas:

a) Os equipos e deportistas galegos que participen nas ditas competicións deberán realizar os adestramentos e a competición en grupos de composición estable.


b) A totalidade dos membros da expedición dos equipos e deportistas procedente doutras comunidades autónomas que se despracen á Comunidade Autónoma de Galicia para participaren nas ditas competicións deberán comunicar, cunha antelación mínima de 24 horas, ás autoridades sanitarias autonómicas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia, a data e a hora de chegada á Comunidade Autónoma galega e o lugar de aloxamento. As medidas previstas deben entenderse dentro do necesario respecto ás competencias das autoridades deportivas e sanitarias estatais, polo que serán aplicables sempre que resulten compatibles coas adoptadas polas ditas autoridades e mentres non existan medidas obrigatorias dimanantes delas que ofrezan un nivel de protección equivalente ou similar."

Adaptación do protocolo básico de actuación no ximnasio e no complexo deportivo

COMPLEXO DEPORTIVO (XIMNASIO):

PREMISAS XERAIS:

- Os espazos dispoñibles para o uso público son a zona de ximnasio, sala de actividades, baños, vestiarios e duchas, permanecendo pechado a zona termal/spa ata que se poida garantir a seguridade sanitaria dos usuarios.
- O horario de apertura ao público da instalación será de luns a venres en horario de 9.00 a 15.00 h e de 16.30 a 23.00 h. Os sábados o horario será de 10.00 a 13.00 h. O sábado pola tarde e o domingo todo o día, o ximnasio permanecerá pechado ao público.
- Non se establece unha limitación horaria para os usuarios.
- Os equipamentos de musculación, tonificación e traballo aeróbico, serán distribuídos pola zona do ximnasio e a sala de actividades para acadar a separación de 2 metros entre os usuarios.
- Con carácter xeral, non está permitido compartir ningún material de adestramento. Non caso de non ser posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene.
- Na medida do posible, cada usuario deberá traer e levar o seu propio material.
- As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin. Estarán a disposición dos usuarios as taquillas dos vestiarios.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Coa fin de reducir as colas e as aglomeracións de xente, é recomendable que os usuarios acudan ás instalacións ataviados da casa coa roupa e equipamentos deportivos precisos para a súa práctica.
- Os usuarios non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.
- Antes de entrar e ao saír da instalación deportiva, os usuarios deberán limpar as mans cos hidroxelos dispostos para tal fin na entrada do complexo deportivo.
- Ao tratarse dun centro deportivo pechado, é obrigatorio O USO DA MÁSCARA EN TODO MOMENTO, incluso durante a práctica deportiva (federada ou non), coa única excepción das duchas (artigo 3.15 da orde do 22 de outubro).
- Cando os houbera, os técnicos, monitores ou outro persoal da instalación deberán velar polo cumprimento das medidas de seguridade indicadas pola normativa sanitaria.

AFOROS:

- A práctica da actividade física e deportiva poderá realizarse tanto de xeito individual como colectiva, pero sempre sen contacto físico, e ata un máximo de 20 persoas de forma simultánea no ximnasio. En todo momento os usuarios deberán manter a distancia interpersoal de 1,5 m.
- Na sala poderanse levar a cabo actividades cun número máximo de 10 persoas sen contar ao monitor. En todo momento os usuarios deberán manter a distancia interpersoal de 1,5 m.
- Está permitido o uso dos vestiarios, cun aforo máximo de 8 persoas por cambiador.
- Está permitido o uso das duchas, cun aforo máximo de 3 persoas por estancia. O uso das duchas limitarase a unha persoa por dispositivo.

VESTIARIOS:

- Os usuarios deberán utilizar para cambiarse os bancos destinados para tal fin, respectando as marcas de seguridade que garantiran o mantemento das distancias interpersoais.
- O uso de máscara é obrigatorio en todo momento no vestiario, coa única excepción do momento da ducha.
- Non se poderá utilizar os baños como cambiadores.
- As taquillas estarán a disposición dos usuarios.
- Procurarase manter as portas abertas para facilitar a ventilación da estancia.
- A estancia nos vestiarios, ao tratarse dunha instalación pechada e sen ningunha ventá, deberá limitarse ao mínimo e necesario para cambiarse e ducharse.

SALA DE ACTIVIDADES:


- Durante o desenrolo das clases, os usuarios deberán situarse nas marcas establecidas no chan habitación, evitando achegarse ou interactuar fisicamente co resto dos usuarios.
- O uso de máscara é obrigatorio en todo momento durante o transcurso da actividade.
- Na medida do posible, os usuarios deberán achegar o seu propio material, que non compartirán con ningún outro usuario.
- Procurarase manter as portas e ventás abertas para facilitar a ventilación da estancia.
- A estancia na sala de actividades deberá limitarse ao mínimo necesario, evitando permanecer na estancia unha vez remate a clase.

INFORMACIÓN AOS USUARIOS:

- No acceso a instalacións estarán expostas de forma clara e visible, as normas e recomendacións para o acceso, a estancia e a práctica deportiva no ximnasio.
- O persoal do centro explicará, aclarará e lembrará estas normas aos usuarios durante a súa estancia en instalacións.
- Os usuarios disporán dun teléfono ou correo electrónico de consulta das normas e recomendacións no que poderán aclarar calquera dúbida que lles surda. Estes serán o 678 338 847 e o mail complexo.deportivo@carral.es.

PROCEDIMENTO DE ACCEOS Á INSTALACIÓN DOS USUARIOS:

- O acceso á instalación por parte dos usuarios será por orde de chegada, ata completar o aforo. Unha vez chegado a este límite, non se permitirá o acceso a novos usuarios ata que outros abandonen a instalación.
- Os usuarios deberán presentarse na recepción do complexo deportivo para o seu rexistro.
- Os usuarios virán previstos de máscaras e farán uso do hidroxel disposto na entrada da instalación antes de acceder a esta.
- Manterase sempre unha distancia de seguridade de 1,5 m entre os propios usuarios que esperen para acceder á



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

instalación e entre os usuarios e os traballadores da mesma.

- Utilizarán a máscara sempre durante todo o tempo de circulación e estancia nos espazos comúns e corredores da instalación.
- O pago de acceso á instalación efectuarase preferiblemente mediante tarxeta bancaria ou transferencia. Evitarase na medida do posible a cobranza en metálico.
- Fomentarse tamén a tramitación de abonados de asociados como fórmula para evitar o diñeiro en metálico. A cada socio entregaráselle unha tarxeta con tecnoloxía NFC coa que poderá acceder aos servizos da instalación.
- A entrega de documentación necesaria para a tramitación dos abonos farase preferiblemente de forma telemática.
- Para entrar ao ximnasio os usuarios accederán polo corredor sinalado e pasar a tarxeta por lector habilitado.

ESTANCIA E USO DA INSTALACIÓN:

- Os usuarios deberán cumprir en todo momento as normativas vixentes tanto en materia de sanidade e prevención do Covid-19, como das piscinas de uso colectivo (de ser o caso), así como os puntos sinalados neste protocolo. O incumprimento das devanditas normas supoñerá a expulsión do ou os usuarios da instalación pola xornada, podendo, no caso de ser reincidente ou segundo a gravidade do incumprimento, prohibirle o acceso indefinidamente, rescindindo incluso a condición de socio abonado.
- Dentro da instalación os usuarios moveranse, con máscara, polos corredores indicados.
- Cada usuario traerá a lo menos unha toalla que usará para colocar sobre a máquina na que vaia a traballar e/ou para limpar a suor. Sen este elemento non se poderá acceder ao ximnasio.
- Os usuarios accederán a instalación con calzado deportivo axeitado.
- Evitarase na medida do posible o uso do material da instalación, podendo traer o usuario o seu propio material preciso para o seu adestramento. Todo aquel material externo ás instalacións que achegue o usuario, non poderá ser compartido con ningunha outra persoa.
- No caso de utilizar material ou equipamento da propia instalación, este deberá ser desinfectado despois de cada uso.
- Os monitores ou calquera outro traballador da instalación poderá requiririlles o cumprimento destas normas cando as estivesen obviando.

PROCEDEMENTO DE SAÍDA DA INSTALACIÓN:

- Antes de saír os usuarios deberán recoller todas as súas pertenzas.
- Recollerán calquera tipo de desperdicio lixo que poderían sen xerar e depositarano as papeleiras habilitadas.
- Sairán pola recepción da instalación, pasando a tarxeta polo lector NFC no caso dos socios, si ou avisando ao persoal a recepción se non o son.


MÁQUINA DE VENDING:

- A máquina de vending rexeranse polo punto 2.4 da resolución do 12 de xuño da Xunta de Galicia sobre as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria causada polo Covid-19.

LIMPEZA E DESINFECCIÓN:

- O ximnasio e as zonas comúns do complexo deportivo serán limpados e desinfectados todos os días antes e durante súa apertura ao público.
